



CONCELLO DE POIO

MC

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA NÚMERO CATROCENTOS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E NOVE DE XANEIRO DE DOUS MIL OITO.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta minutos do día vinte e nove de xaneiro de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e con asistencia dos/as Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D^a Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Ángel Moldes Martínez, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D^a. Irene Ligeró Iglesias, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González; escusa a non asistencia o concelleiro D. Manuel Domínguez Álvarez; asiste como Secretaria a da Corporación D^a. Paula Ramos Díaz, asistindo como Interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez; reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria supletoria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados/as en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na orde do día.

3077.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 26 DE DECEMBRO DE 2007.- Dáse conta pola Secretaria da acta anterior do 26 de decembro de 2007, quedando aprobada por unanimidade.

3078.- ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Dáse conta pola Secretaria do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3073.- INFORME DA SECRETARÍA EN RELACIÓN AOS COMENTARIOS REALIZADOS NA SESIÓN PLENARIA DO 27 DE NOVEMBRO DE 2007.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3074.- SECRETARÍA, DAR CONTA DO INFORME EMITIDO POLA SECRETARIA XERAL EN RELACIÓN COA TRAMITACIÓN DE EMENDAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3075.- BENESTAR SOCIAL, CONTESTACIÓN A MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A LEI DE DEPENDENCIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3076.- URBANISMO, DESCATALOGACIÓN DE EDIFICIO SITO EN RÚA CLEMENTE ECHEVERRÍA, 1 DE RAXÓ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Medio Ambiente e á Consellería de Cultura, para a emisión dos informes procedentes."

A Corporación dáse por enterada.

3079.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario, as que estiveron a exposición pública xunto cos demais asuntos da orde do día. A Corporación dáse por enterada.

3080.- RECTIFICACIÓN DO ERRO COMETIDO NO ACORDO NÚM. 3067 SOBRE CAMBIO DE SISTEMA DE ACTUACIÓN, DE COOPERACIÓN A COMPENSACIÓN, NO POLÍGONO 1 DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO NO BAO, DE MARÍA PIÑEIRO COCHÓN E OUTROS.- Pola Sra. Secretaria dáse conta que na acta correspondente ao mes de novembro e dentro do punto 3067, cometeuse un erro de feito á hora de adoptar o acordo, pero que unha vez advertido o erro con data 10 de xaneiro de 2008, remitiuse oficio á Consellería no sentido de emitir informe sobre a procedencia de interromper o procedemento solicitado polos interesados neste expediente, de cambio de sistema de actuación previsto no PXOM para o polígono 1 de Solo Urbano non consolidado, de cooperación ao de compensación por estar o polígono dentro dos 500 metros e afectarlle a suspensión prevista na lei 6/2007, do 11 de maio.

A Corporación por unanimidade, e de conformidade co disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común (BOE núm. 285 do 27 de novembro de 1992) modificada pola Lei 4/1999, do 13 de abril, acordou que se proceda á rectificación do mencionado acordo e onde di: "Sometido a votación a modificación do sistema de actuación, de cooperación que figura no Plan Xeral para a execución do Polígono 1 do solo urbano non consolidado, este quedou aprobado por unanimidade e que se dea traslado do acordo adoptado á CPTOPT (Dirección Xeral de Urbanismo) para que informe sobre a procedencia de interromper o procedemento solicitado polos interesados neste expediente, de cambio de sistema de actuación de cooperación a compensación, por estar parte do polígono incluído dentro dos metros e efectuarlle a suspensión prevista na Lei 6/2007, do 11 de maio" debe dicir: "A Corporación, por unanimidade, acordou que se dea traslado do acordo adoptado á CPTOPT (Dirección Xeral de Urbanismo) para que informe sobre a procedencia de interromper o procedemento solicitado polos interesados neste expediente, de cambio de sistema de actuación de cooperación a compensación, por estar parte do polígono incluído dentro dos metros e efectuarlle a suspensión prevista na Lei 6/2007, do 11 de maio."

3081.- RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. PO 4252/2007 INTERPOSTO POR D^a. CARMEN ESPERÓN SARTAL CONTRA A ORDE DE 14 DE FEBREIRO DE 2007 DA C.P.T.O.P.T. QUE APROBOU DEFINITIVAMENTE A MODIFICACIÓN PUNTUAL N° 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL NA ZONA DE O BAO.- Pola Secretaria dáse conta do escrito de data 8 de xaneiro de 2008 remitido pola Consellería

de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, pola que se comunica que con data 28 de decembro ditouse a resolución seguinte: "Para os efectos de dar cumprimento ao solicitado polo TSXG Sección 2ª do Contencioso Administrativo, en relación ao recurso núm. Po4252/2007 interposto por Carmen Esperón Sartal, contra orde do 14 de febreiro de 2007 da CPTOPT que aproba definitivamente a modificación puntual núm. 2 do PXOM na zona do Bao do Concello (exp. Po03026) Resolvo: Ordear a remisión do expediente administrativo correspondente ao órgano xudicial que o solicita"

Así mesmo no escrito concédese ao Concello na súa condición de interesado o prazo de nove días para que poida comparecer e persoarse en dito recurso.

Dáse conta igualmente do acordo núm. 4756 adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 21 de xaneiro de 2008 no que se acordou: "Primeiro: o persoamento do Concello de Poio no recurso contencioso administrativo núm. Po4252/2007 interposto por Dª. Carmen Esperón Sartal contra a orde do 14 de febreiro de 2007 da CPTOPT que aprobou definitivamente a modificación puntual núm. 2 do PXOM na zona do Bao

Segundo: Designar ao avogado D. Joaquín Echagüe Pérez Montero para que defenda ao Concello de Poio no devandito recurso, podendo actuar a través de calquera dos procuradores que constan no poder xeral de preitos outorgado no seu día.

Terceiro: Dar conta deste acordo á Comisión Informativa de Urbanismo e ao pleno na primeira sesión que este celebre para a súa ratificación."

A Comisión Informativa de Urbanismo de data vinte e dous de xaneiro de dous mil oito acordou adherirse aos informes do Asesor Xurídico do 15 de xaneiro e informe emitido pola Secretaria Xeral de data 17 de xaneiro (que forman parte do expediente) propoñendo ao pleno que se designe a D. Joaquín Echagüe como avogado que defenda a este Concello.

A Corporación por unanimidade, e de conformidade co artigo 16.d), do Regulamento Orgánico da Corporación (BOP núm. 3 do 4 de xaneiro de 1996), acorda ratificar o acordo núm. 4756 adoptado por razón de urxencia na sesión realizada o 21 de xaneiro da Xunta de Goberno Local, polo que se acorda o persoamento do Concello no Procedemento administrativo PO4252/2007 interposto por Dª. Carmen Esperón Sartal e designar ao Avogado D. Joaquín Echagüe Pérez Montero para que defenda ao Concello.

E que se comunique este acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e ao Tribunal Superior de Xustiza- Sección 2ª do Contencioso Administrativo.

3082.- DESAFECTACIÓN USO ESCOLAR DA ESCOLA DO CAMPO DE COMBARRO.- Pola Secretaria, dáse conta do expediente iniciado mediante proposta da Concelleira Delegada de Educación de data 15

de xaneiro de 2008, que di o seguinte: "No D.O.G de 26 de xullo de 2007, publicouse a Orde do 6 de xullo de 2007 pola que se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial. Nesta Orde suprimese a Escola de Educación Infantil de Combarro (anexo V).

Precisando o Concello os locais que se usaban como escola infantil para outros usos relacionados, por exemplo, con actividades formativas (formación ocupacional, continua,...), difusión de novas tecnoloxías e outros varios que poidan chegar a necesitarse, compre instar á Consellería de Educación para que inicie o expediente de desafectación do dito local.

Para este fin, é necesario que o Pleno da Corporación adopte acordo maioritario, polo que PROPOÑO:

A adopción por maioría absoluta e subseguinte remisión á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo Pleno da Corporación Municipal, do seguinte acordo: Proceder a solicitar a tramitación ante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do expediente de desafectación do edificio anteriormente utilizado como Escola Infantil de Combarro (Escola do campo)."

Dáse conta do informe emitido pola Secretaria Xeral de data 21 de xaneiro de 2008: "

INFORME

1. Antecedentes de feito.

- Con data 15 de xaneiro de 2008 preséntase proposta da Concelleira delegada en materia de educación, D^a Luz Senra Lorenzo pola que se insta a adopción polo Pleno a celebrar o vindeiro 29 de xaneiro de 2008 de acordo inicial de desafectación do ben inmovible destinado a Escola Infantil en Combarro: "...para outros usos relacionados, por exemplo, con actividades formativas (formación ocupacional, continua...), difusión de novas tecnoloxías e outros varios que poidan chegar a necesitarse....".

- Consta no expediente certificación relativa á inscrición como ben inmovible de titularidade do Concello de Poio do Grupo Escolar de Combarro así coma da súa valoración económica.

- Ase mesmo copia da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 6 de xullo de 2007 pola que se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial e cuxo Anexo V se relaciona o EEI de Combarro coma centro suprimido.

2. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Autorización autonómica preceptiva e previa

A Lei orgánica 1/1990, de ordenación xeral do sistema educativo, na súa disposición adicional décimo sétima, establece que os edificios destinados a centros de educación infantil de segundo ciclo, primaria e especial non poderán destinarse a outros servizos ou finalidades sen autorización previa da Administración educativa.

A Lei orgánica 8/1985, reguladora do dereito á educación, no seu artigo 17, dispón que a creación e supresión de centros públicos sexan efectuados polo Goberno ou polo Consello de Goberno da comunidade autónoma correspondente, no ámbito das súas respectivas competencias.

Segundo.- Ben de dominio e servizo público: procedemento de alteración da calificación xurídica..

As escolas en atención aos artigos 5 da Lei 33/2003, do patrimonio das administracións públicas, 79 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 74 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, 3 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Bens das entidades locais son bens de dominio público, servizo público.

En atención ás especiais características que concurren neste tipo de bens de acordo, entre outros, co artigo 133 da Constitución (inalienabilidade, imprescriptibilidade etc), a alteración da súa calificación xurídica require da formación do procedemento regulado no artigo 8 do RBEL.

Ademais e por ter sido destinado á prestación de servizos educativos da Comunidade Autónoma, deberá da forma prevista na consideración xurídica anterior, solicitarse autorización autonómica previa.

Dito procedemento componse das seguintes fases: (artigo 8 RBEL, 22 e 47.2º.n) LBRL e 249 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia):

a) Formación de expediente no que se acredite a legalidade e oportunidade da medida e da conformidade coa normativa urbanística e co Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Poio.

b) Aprobación inicial do expediente de desafectación polo Pleno por maioría absoluta do seu número legal de membros con petición expresa de autorización á administración autonómica para a desafectación do ben inmovible aos servizos educativos con recuperación da plena titularidade (ou reversión nos termos do artigo 111 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño).

c) Información pública durante un mes mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

d) Aprobación definitiva unha vez se incorpore a autorización da comunidade Autónoma con resolución, no seu caso, das reclamacións presentadas.

e) Recepción formal do ben no patrimonio da entidade con modificación no Libro Inventario e no seu caso, Rexistro da Propiedade.

Terceiro.- Trámites previos a levar a cabo.

Para dar cumprimento ao procedemento descrito deberá solicitarse informe ao Servizo de urbanismo no que se realice pronunciamento expreso sobre a compatibilidade ou conformidade da desafectación proposta coa normativa urbanística aplicable, para poder dar entrada ao expediente na Comisión de Urbanismo.

Cuarto.- Legalidade e oportunidade da proposta.

O mencionado artigo 8.1º RBEL require que no expediente conste ou se acredite a legalidade e oportunidade da medida.

A "oportunidade" fai referencia a un concepto xurídico indeterminado que ofrece unha ampla marxe de apreciación e que debe concretarse na valoración de si esa alteración da calificación xurídica é útil para o interese público ou xeral dos veciños no momento actual, o que deberá ser apreciado pola Corporación a partires da motivación presente na proposta da Concelleira.

A legalidade xustificárase na plena observancia do procedemento co cumprimento dos trámites marcados e na existencia de causa xustificativa para o inicio do expediente e dos fins que se persigan.

Segunda consta nos antecedentes de feito por Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria suprímese o EEI existente en Combarro identificado co código 36016413 o que habilitaría para pedir a súa reversión a través do procedemento que a Comunidade Autónoma califica coma de "desafectación".

En canto aos fines previstos e partindo da proposta da Concelleira, a normativa de desenvolvemento da área de atribución de competencias establecida no artigo 25.2º.n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local prevé expresamente a posibilidade de que en ditos centros podan impartirse outro tipo de ensinanzas especiais (música, danza), ou de formación profesional etc.

A elo hai que unir que as políticas para a implantación e acceso ás TICS supoñen unha verdadeira obriga para as Administracións Públicas e polo tanto para a Administración Local (artigo 70.3ºbis da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local)"

Dándose conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 25 de xaneiro de 2008, que di o seguinte: "Dáse conta do expediente e da Orde do 6 de xullo de 2007, pola que se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial na que dispón suprimir os Centros Educativos que figuran no Anexo V entre eles figura, na Provincia de Pontevedra, a Escola de Educación Infantil

de Combarro.

Así mesmo dáse conta da proposta da Concelleira de Educación deste Concello de Poio, de data 15 de xaneiro de 2008, na que propón que se tramite ante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o expediente de desafectación de dito edificio utilizado como Escola Infantil de Combarro (Escola do Campo) e o informe da Secretaria Xeral de data 21 de xaneiro de 2008.

A Secretaria comenta que se pasará a informe da Comisión de Urbanismo pero como xa existe un informe de urbanismo favorable e pregunta se existe algún inconveniente para levalo directamente a Pleno.

A Comisión por unanimidade acorda ditaminar favorablemente dito asunto e propor ó pleno a súa aprobación."

Antes de proceder á votación á Sra. Senra Lorenzo manifesta que a desaparición da Escola do Campo non foi promovida polo Concello senón que foi unha decisión da Consellería de integrar aos alumnos no Grupo Escolar de Chancelas.

Sometido a votación a aprobación do devandito asunto este quedou aprobado por unanimidade, debendo trasladarse o expediente á Unidade de Patrimonio para o inicio do expediente de desafectación e solicitar da Consellería de Educación a autorización administrativa correspondente para a desafectación do ben inmovible aos servizos educativos con recuperación da plena titularidade (ou reversión nos termos do artigo 111 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño), facultándose ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3083.-APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO ORDINARIO ANO 2008.-
Pola Secretaria dáse conta do proxecto do orzamento correspondente ao exercicio 2008, informado previamente pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 24 de xaneiro de 2008: "Dáse conta do contido do mesmo e dos informes emitidos pola Intervención Municipal, de data 15 de xaneiro de 2008, sobre o total do orzamento tanto en ingresos como en gastos a cantidade de 12.660.000,00 euros e pola Secretaria Xeral de data 18 de xaneiro de 2008 sobre o persoal.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do presuposto que supón un incremento do 18,82%, sobre 2.000.000 de euros, mantendo a tendencia do crecemento dos últimos anos tendo en conta que volve o Obradoiro de Emprego que supón un aumento do 5%.

A continuación explica as variacións de cada capítulo tanto en gastos como de ingresos, reflectido todo na memoria da Alcaldía.

O Sr. Domínguez Lino quere agradecer de antemán, tanto ó Concelleiro Delegado de Facenda como á Interventora Municipal, que se lle facilitara unha copia do orzamento para estudialo con máis tempo.

A continuación pregunta que observa no anexo de

inversións a cantidade de 20.000 euros destinados para o Telecentro, ¿qué é o Telecentro?

A Concelleira Díaz Iglesias contéstalle que é unha aula con ordenadores con conexión a Internet. O persoal está posto pola Xunta soamente nos queda buscar o local.

O Sr. Domínguez Lino pregunta se o destinado para investimentos no Centro de Servizos Sociais chegará para as obras que se pretenden realizar.

O Sr. Agís Gómez respóndelle que en función do proxecto de obras entendemos que o presuposto é suficiente.

O Sr. Domínguez Lino volve a preguntar se os 30.000 euros destinado ó cemiterio é suficiente.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que están estudiando varias posibilidades pero cremos que co do ano pasado e este nos chegue.

O Sr. Domínguez Lino pregunta a qué vehículos de vías e obras están destinados eses os 80.000 duros.

A Sra. Besada Lores respóndelle que se pretende mercar unha pala pequena e 4 C15 aproximadamente xa que nos costa máis reparar os que temos que mercalos.

O Sr. Domínguez Lino a continuación realiza as seguintes consideracións: 1º) Parécenos pouco o destinado á partida de Infraccións Urbanísticas. 2º) Na de persoal queremos comentar sobre o complemento específico no que existe un agravio comparativo sobre todo en persoas que no seu día realizaron as funcións de Intervención e Secretaria, que actualmente eses postos están ocupados por Funcionarias de Habilitación de Carácter Estatal e seguen cobrando o mesmo complemento específico; entendemos que ese complemento específico foi no seu día justificado pero que neste momento parécenos excesivo.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle no tema das infraccións urbanísticas había varias de vivendas que era un gasto importante pero que en muros non se pode calcular ben; se se liquida máis estupendo pero polo menos non cometemos o erro de gastar o que non ten respaldo financeiro.

En canto o tema de persoal parécenos que é unha forma de recoñecerlle a responsabilidade que tiveron no seu día.

A Concelleira Besada Lores pregunta se a proposta do PP é que se lle rebaixe o complemento específico porque non ten agora esa responsabilidade e que se lle vaia nivelando pouco a pouco para que non exista ese agravio comparativo.

O Sr. Domínguez Lino di que se lle rebaixe gradualmente ou que se lle suba a todos os demais algo.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación inicial e que se sigan os trámites legais procedentes."

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do orzamento que aumenta un 18,82% e esta tendencia cara o aumento vense dando nos

últimos 12 anos, sendo unha sinal de dinamismo.

Parécenos un orzamento equilibrado realizado con prudencia e a estrutura orzamentaria é a adecuada. En canto á distribución de gastos corresponde a unha decisión política.

As partidas máis importantes dos investimentos: saneamento, vehículos e maquinaria, informatización e pavimentacións.

Esperamos que estas partidas se complementan coas subvencións que van chegando ao longo do ano.

A Sra. Besada Lores di que se senten satisfeitos, xa que se sentan as bases da restruturación do persoal: creación de novas prazas e equiparación de salarios do persoal laboral cos funcionarios no prazo de 4 anos.

Coa adquisición de vehículos entendemos que se rebaixará o gasto de mantemento e reparación.

Crease unha partida para pesca e marisqueo e a partida de xuventude aumenta nun 25%.

O Sr. Domínguez Lino di que non creo que sexa para estar satisfeitos e se que é "histórico" ter unha débeda xa de case 1.500 millóns das antigas pesetas.

Estamos diante duns orzamentos que unha vez máis se presentan fóra de prazo (sendo preceptivo facelo antes do 15 de outubro e aprobalos antes do 31 de decembro do ano anterior). Un orzamento por un importe de 12,6 millóns de euros, e dos cales nos deixan cun endebedamento en mais de 8,7 millóns de euros, é dicir, case 1.500 millóns das antigas pesetas e dos que anualmente teremos que pagar entre xuros e amortizacións, 155 millóns das antigas pesetas, e co agravante que deixa hipotecado ao Concello polo menos ata o 2.030. Estando no mellor dos casos ao 80% do nivel de endebedamento permitido e que como di a Intervención pode medrar se os ingresos do ano 2007 non son os que se esperan Ademais un ano máis non cumprimos o principio de estabilidade presupostaria.

INVESTIMENTOS.- Os investimentos só medran respecto ao ano anterior nun 0,27% (26.000 euros) por un importe de 2.364.014 euros, supoñendo unicamente o 18 % do orzamento total, fronte ao 22% do ano anterior, é dicir que propoñen menos investimento que o ano pasado, polo que é un claro exemplo onde se reflite a situación crítica na que se atopa o Concello que non é capaz de medrar en investimentos reais, e que é froito da súa errónea política e nula planificación económica, que fai que se base todos os anos en incrementos de taxas, de impostos e incremento de débeda bancaria, sen unha mellora clara dos servizos recibidos. Investimentos que no seu 68% faise a cargo de endebedamento bancario.

Queremos deixar claro que votamos en falta investimentos para mellorar o benestar dos nosos veciños, e que vimos demandando cada ano como poden ser entre outros investimentos:

- Para un Centro de Día tan necesario para os nosos

maiores de Poio.

- Para a prometida piscina municipal.
- Segundo pavillón de deportes.
- Ou investimentos para vivendas sociais para todos os veciños de Poio.

E chámanos a atención que os investimentos previstos para saneamento este ano baixaran dos 600.000 euros do ano 2007, aos 480.000 euros deste ano, aínda a sabendas de que existen en Poio moitos lugares que aínda carecen dun saneamento, sen contar coa inexistente depuradora un ano máis que vostedes levan prometendo, e que segue facendo que vertamos directamente ao mar tanto en Raxo como parte de Samieira.

Entendendo polo tanto o Partido Popular que o futuro de Poio ten que ir polos servizos sociais e a mellora da calidade de vida dos nosos veciños e veciñas.

PLANIFICACION ECONOMICA.- Seguimos coa nefasta planificación financeira do Concello, que levan un ano máis a unha aprobación de facturas extraxudiciais (DE MOMENTO) por un importe de 203.738 euros, dos cales gran cantidade débense aos desfasamentos no Zafarrancho electoral en onde volvemos a aprobar facturas por importe de 54.000 euros, (que sumamos ás xa aprobadas no ultimo trimestre do 2007 por un importe de 150.000 euros), fan un importe gastado ao ano no devandito zafarrancho electoral en mais de 360.000 euros e como non, as facturas un ano mais dos desfasamentos en festas por un importe de 52.000 euros. E que co que presupuestan por este concepto, neste ano, volvémoslle a dicir que o ano que ven nos atoparemos na mesma situación de todos os anos.

PERSOAL.- Volvemos a pedir UN ANO MAIS unha revisión e reestruturación do persoal do Concello, ademais este ano esta petición foi referendada polo Informe de Secretaría. Non se pode consentir que exista persoal do Concello que realice durante o ano 2.007 máis de 900 horas extraordinarias, cando a lei marca un máximo de 80 horas ao ano, contando co conseguinte excesivo custo que supón xa a nosas maltreitas contas, (máis de 142.000 euros durante o ano 2.007)

Temos unha relación de postos de traballo en onde existen postos desempeñados por persoal laboral que incumpren as regras, xa que se tratan de postos reservados a funcionarios de carreira, así se recollía tamén no Informe do Consello de Contas do ano 2001-2002. Hai que limitar a contratación de persoal laboral aos supostos excepcionais permitidos.

Existen un importante número de prazas vacantes que levan anos nesta situación e incluso coa súa convocatoria correspondente de oferta de emprego publico (ano 2.005).

Temos un importante número de postos en persoal interino, entendendo que se debe facer o concurso correspondente para prover estes postos con funcionarios de carreira.

E tamén salientamos a existencia dun elevado número de

traballadores eventuais, tendo que poñer en marcha os procedementos oportunos para crear as prazas con natureza funcionarial ou laboral.

Xa por ultimo³, deixar claro que non temos nada en contra de ninguén do persoal do Concello, non se vaia dicindo por ahí que é o PP que está en contra de alguén, pero entendémolo así e así o expuxemos xa o ano pasado e volvémoslo a expoñer este, que existe un agravio comparativo moi importante entre persoal funcionario do mesmo nivel e categoría. Entendemos necesaria unha reflexión sobre estes agravios comparativos en determinados complementos específicos de funcionarios do mesmo grupo e nivel. Con grupo A2 e Nivel 24 existen diferencias de 3.315 e 4.401 euros respectivamente

Como di a definición, o complemento específico cóbrase por : "especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade e peligrosidade."

Podemos asumir e entender esta diferenza cando existan responsabilidades, riscos e dificultades asumidas por riba das de cada un, pero unha vez cesadas estas responsabilidades por que están asumidas por novo persoal, débese de corrixir este desfasamento entre o persoal e así seguramente nos evitaríamos as malas caras, malos rollos, envexas entre uns e outros funcionarios.

Pero este problema é moito máis gravoso noutra categoría e nivel. En categoría C1 con nivel 22, aquí a diferenza entre complementos de funcionarios tradúcese en 6.715 euros, é dicir en mais de 1.117.000 das antigas pesetas , polo tanto creemos que con este consentimento a partir do equipo de goberno se esta fomentando ese mal ambiente, mal rolo que antes xa expuxemos que existe e é palpable por todos e que sendo humanos como somos ata pode estar xustificado con esta discriminación existente cando estamos a falar de persoas coa mesma categoría e co mesmo nivel.

Tamén existen casos de persoal que levan máis de 15 anos co mesmo nivel, sen que se lle revise.

Polo tanto a partir do Partido Popular , por todo o exposto votamos en contra dos devanditos orzamentos.

O Sr. Barreiro Lubián di que se lles acusa de hipotecar ao Concello até o 2030 e cando cheguemos a esa data estaremos até o 2050. O endebedamento que ten o concello non excede do nivel marcado polo estado e quedannos 320 puntos de máximo, é un endebedamento importante, pero que está controlado.

Hai tres posibilidades: baixar gastos, máis impostos ou mía préstamos.

Do ano 95 ao 2007 a situación mellora notablemente e non hai punto de comparación entre a situación de agora coa que padecía daquela, nin co volume de investimento.

Sobre a baixa do orzamento en saneamento hai que dicir que hai unha rede extensísima e é moito máis fácil mencionar os lugares onde non hai saneamento que onde hai.

Sobre o recoñecemento de facturas, supón un 1,5% do orzamento o que significa que acertamos nun 98,5%.

Na auditoría que realizou o Consello de Contas, na que comprobaron todo o que quixeron e o que máis destacaba era o abuso dos traballadores temporais, houbo contratacións de persoal laboral onde se apretaron as retribucións xa que se defendían os intereses dos veciños e agora pasar ao 31% en gastos de persoal cunha situación especial co obradoiro de emprego, sendo unha ratio perfectamente asumible.

Respecto o informe do Consello de Contas tamén detectou contratacións do persoal a dedo pero non foi esta corporación a que fixo as contratacións e teñen ahí os informes para velos.

A Sra. Besada Lores di que se alegra porque o PP teña interese por temas sociais.

Tamén hai preocupación en servizos sociais cando se contrata unha traballadora social máis e un conxerxe, tamén hai unha partida para a mellora da casa rosada e para legalizar a obra.

Con respecto ao persoal, a parte do incremento deste ano, tamén se acomete a modificación do nomes de prazas rarísimas. As convocatorias pendentes acometeranse inmediatamente, pero son procesos lentos que non se poden facer dun día para outro. E con respecto aos complementos dicir que se deben de entender como gratificacións e ademais está pendente de elaborar unha Relación de Postos de Traballo para arranxar os posibles agravios comparativos que se poidan dar.

En relación cos investimentos, parece que ao Sr. Domínguez se lle olvida que se suprimiu o POL que era unha partida importante.

O Sr. Domínguez Lino di que o PP deixou de gobernar no ano 95 e dende o 95 ao 99 vostede era a responsable da Casa Social e que diga vostede que non ten licenza de apertura e ao mesmo tempo o Sr. Clemente foi o responsable de persoal.

Creo que hai gastos que se poden reducir e veños reiterando tosos os anos: préstamos, facturas extraxudiciais, en gastos correntes pódese aforrar.

No ano 95 pagabamos de saneamento 1.000 ptas ao ano e agora no 2008, 16.558 ptas.

Pódese reducir en horas extraordinarias, parque da memoria, recoñecementos extraxudiciais, gastos de alcaldía, atencións protocolorias, estudos e traballos técnicos, con a redución destes gastos baixaría o orzamento en 1.000.000 de euros.

A Sra. Besada Lores di que no ano 1995 a casa rosada levaba funcionando 4 anos e había outras prioridades no concello.

A vostedes encantalles dicir como se pode gobernar en Poio, pero onde gobernan realmente é o contrario.

O Sr. Barreiro Lubián di que no ano 1995 o saneamento custaba 1.000 ptas porque votar auga ao mar non custaba nada.

O lixo custaba 4.000 ptas pero vos recordades onde se

vertía ese lixo, daquela non costaba nada porque se tiraba na Seca e agora a situación é incomparable xa que agora trasládase a Sogama.

O IPC dende entón medrou un 54% e as subas de auga foron do 44%.

Pódense reducir determinados gastos correntes, horas extraordinarias pódese reducir coa contratación do persoal pero eso costa. O que había que medir é o traballo que estiveron facendo eses funcionarios.

Durante os últimos 12 anos acondicionáronse múltiples zonas e iso é benestar. Para os veciños, antes non había un parque en Poio e consideramos que os espazos públicos son necesarios.

Sobre a supresión de gastos extraxudiciais, un 1,5% pódese asumir perfectamente pero o que se dubida é se algunha factura supón un gasto innecesario, porque poderíamos suprimir algún gasto pero sería necesario?

Os gastos de atencións protocolarias non son excesivos comparando cos concellos de arredores.

Desde que gobernamos, o PP di todos os anos o mesmo, que os orzamentos son un desastre, e a situación económica do Concello é infinitamente mellor que fai 8 anos e vese que nun futuro este concello xerará moitos ingresos.

O Sr. Domínguez Lino di que o Sr. Barreiro recorda sempre o ano 95 e vostedes antes dese ano dicían que a auga en Poio era rentable e ahí están os números de gastos de amortización e débeda e tamén estaba en contra o asesor xurídico.

O Sr. Barreiro Lubián di que en Poio a auga sempre foi rentable pero o que non é rentable é o saneamento e a barbaridade que aquí se quería facer de privatizar.

O Sr. Alcalde engade que a casa rosa leva funcionando moitos anos e nunca se requiriu a licenza de actividade, a lexislación foi cambiando e agora hai que adaptar os edificios públicos a lei de accesibilidade e temos que ir adaptándonos pero iso pasa aquí como noutros concellos e o que se trata é de ir resolvendo aquí non se está a falar que o centro fora ilegal.

Sobre os gastos protocolarios, o gasto da alcaldesa de Sanxenxo supora con creces os gastos deste Concello.

Nos consideramos que este é un punto progresista e imos na liña de que este Concello sexa dinámico e están previstas grandes obras como o parque industrial de Fragamoreira e o Concello non debe deixar de controlar a capacidade de endebedamento.

Sometido a votación o proxecto de orzamento para o exercicio 2008 xunto coas bases de execución, cadro de persoal e relación de postos de traballo este quedou aprobado inicialmente con 10 votos a favor (7 votos do BNG e 3 votos do PSOE) e 7 votos en contra e que se someta á información pública mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e tableiro de anuncios polo prazo de 15 días hábiles, para a formulación de alegacións e

suxestións, considerándose aprobado definitivamente se durante o citado prazo non se presenta reclamación ningunha, segundo o disposto no RDLex. 2/2004, do 5 de marzo.

3084.- SECRETARÍA, INFORME EN RELACIÓN CO FUNCIONAMENTO DO CONSELLO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL.- Pola Sra. Secretaria dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 24 de xaneiro de 2008, que di o que segue: "Dáse conta do expediente e do informe da Secretaria Xeral de data 14 de xaneiro de 2008 sobre a sesión celebrada polo Consello de Participación Veciñal con data 28 de novembro de 2007.

O Sr. Piñeiro Murillo explica o contido do mesmo indicando que varias asociacións presentaron reclamación contra a sesión celebrada polo Consello de Participación Veciñal e que polo tanto ó ser un órgano creado polo Concello pediuse un informe á Secretaria do Concello.

O Sr. Barreiro Lubián di que o que se trata é de que se fagan as cousas ben tal e como o recolle o regulamento.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que non ve problemática ningunha, que se trata de reactivar o Consello de Participación Veciñal, tratar con respecto á xente que está nas asociacións xa que se poden cansar e deixalo.

O Sr. Barreiro Lubián di que cada 4 ou 6 anos colápsase; deberían, en 10 anos, rotarse todos e a verdade é que ata agora soamente houbo 3 presidentes. Hai que reactivar isto pero funcionando dunha forma correcta, que se hai que cambialo que se faga polos cauces previstos.

A Concelleira Besada Lores di que estamos interesados en que se reactive e que funcione pero entendemos que deben estar presentes tódalas asociacións. Penso que se deberían convocar outras eleccións coas asociacións que están actualizadas e legais e que se faga un Consello de Participación Veciñal que funcione ben.

O Sr. Piñeiro Murillo manifesta que lle vale a directiva que está pero que está de acordo cos pronunciamentos fixados no informe da Secretaria.

O Sr. Agís Gómez di que se debería habilitar un mecanismo para que funcione e no que todos se sintan a gusto.

O Sr. Moldes Martínez di que lle da igual quen sexa o presidente do Consello de Participación Veciñal e eu estiven na asemblea e pareceume legal; deixemos andar a que está agora xa que non se quixo presentar ninguén máis.

O Sr. Barreiro Lubián propón que os 3 representantes do Concello no Consello de Participación Veciñal se reúnan para facer unha postura consensuada para levar ó Pleno.

A Comisión por unanimidade acordou prestar conformidade á proposta indicada polo presidente da comisión deixando pendente este tema para o Pleno."

O Sr. Piñeiro Murillo di que tiveron unha reunión na que

se acordou dar o prazo de 2 a 3 meses para depurar o censo, e solicitar desde o concello que se convoquen ás asociacións para que actualicen e soliciten á incorporación no CPV designando aos seus representantes trasladando unha copia da certificación plenaria.

O Sr. Alcalde manifesta que lle parece correcto que se dea un prazo para a actualización advertíndose que en caso contrario, procederáse a súa baixa.

A Corporación por unanimidade acordou aprobar a proposta realizada e que se proceda á regularización do rexistro de asociacións e Consello de Participación Veciñal.

3085.- MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE A SUPRESIÓN DA TARIFA ELÉCTRICA NOCTURNA.- Dáse conta da moción presentada por D. Xulio Barreiro Lubián en calidade de voceiro do Grupo Municipal do BNG, que tivo entrada no Rexistro Municipal o 24 de xaneiro de 2008, núm.441 sobre a tarifa eléctrica 2.0N (tarifa nocturna), na que tras ampla exposición de motivos remata solicitando a adopción do seguinte acordo: "instar á Xunta de Galiza a que demande ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o mantemento dunha tarifa con características similares á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadore, así como a creación de liñas de subvencións para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de tarifa nocturna que desexen acollerse á tarifa con discriminación horario"

Dándose conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 24 de xaneiro de 2008, que di o seguinte: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta de dita moción, de data 21 de xaneiro de 2008, que tras unha ampla exposición de motivos solicita a aprobación polo Pleno da Corporación do seguinte acordo" Instar á Xunta de Galiza a que demande do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria".

A Comisión dáse por enterada e acorda que se estudie de cara ao Pleno."

O Sr. Barreiro Lubián explica que a proposta do Ministerio de Industria para suprimir a tarifa nocturna supón reformar a instalación eléctrica e entendemos que non é un deber dos usuarios acometer esta instalación e queremos que a Xunta inste ao Ministerio para que o considere.

O Sr. Agís Gómez e o Sr. Villaverde Méndez manifestan que están de acordo coa moción, a que van apoiar co voto favorable.

A Corporación por unanimidade acordou aprobar a moción

presentada e instar á Xunta de Galiza a que demande do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria.

3086.- MOCIÓN DO B.N.G. PARA A PRESTACIÓN EFICAZ DO SERVIZO DE CORREOS.- Dáse conta da moción de data 15 de xaneiro de 2008, que tivo entrada no Rexistro Municipal o 24 de xaneiro de 2008, núm. 440 sobre a prestación eficaz do servizo de correos, no que tras ampla exposición de motivos remata solicitando a adopción do seguinte acordo:

"1º.- Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laboerais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.

2º.- Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno e á Ministra de Fomento"

Dándose conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 24 de xaneiro de 2008, que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta do contido da moción de data 15 de xaneiro de 2008 que, tras unha ampla exposición de motivos, insta ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

"1. Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal. 2. Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao Presidente do Goberno do Estado e á Ministra de Fomento."

A Comisión dáse por enterada e acorda que se estudie de cara ao Pleno."

O Sr. Barreiro Lubián explica que o que se pretende é substituír aos carteiros rurais, non teño claro se a distancia dos 250 metros afecta a Poio, pero parécenos algo importante pola dispersión de poboación de Galicia xa que haberá persoas que non van ter a posibilidade de recibir cartas.

O Sr. Agís Gómez manifesta que van apoiar a moción xa

que non está claro esta redución no rural e evidentemente nos estamos de acordo co parámetro económico de correos.

O Sr. Martínez Nacemento di que lle gustaría que tamen se lle enviara ao xefe da oposición en Galicia. E tamén quere saber en que condicións se atopa o local onde na actualidade se ubican as instalacións de correos.

O Sr. Barreiro Lubián di que o local no seu día se lle prestou porque era intención do concello que se prestara ese servizo en Poio. Temos coñecemento de que eles andan buscando un local máis amplo.

Sometido a votación a moción presentada esta quedou aprobada por unanimidade da seguinte maneira:

1. Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.

2. Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao Presidente do Goberno do Estado e á Ministra de Fomento.

3. Remitir copia do acordo aos tres grupos parlamentarios con representación no parlamento de Galicia.

MOCIÓNS URXENTES.- Non se producen.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.-COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE PERSOAL SOBRE O PROCESO DE SELECCIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO POIO III.- Dáse conta do escrito presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular con data de entrada no Rexistro Municipal o 17 de xaneiro de 2008, núm. 305, no que solicita a comparecencia da Concelleira de Persoal para informar nos seguintes termos:

1º.- No grupo mixto de selección de persoal para o obradoiro de emprego Poio III, participaron tres representantes electos da corporación, incumprindo o artifo 60da Lei 7/2007, do 12 de abril, EBEP que di o seguinte: "o persoal de elección ou de designación política, no que poderán formar para dos órganos de selección"

2º.- Co agravante ademais, de que un dos concelleiros que asistiron, tiña unha irmánn no grupo de persoas a seleccionar. Como desde a Concellería de Persoal, sabendo esta situación se permitiu que devandito concelleiro estivese no tribunal de selección, xunto cos demais representantes da Xunta de Galicia?

3º.- Que criterios de seguiron para a selección das 32 persoas seleccionadas."

A continuación comeza a comparecencia a Concelleira de Persoal D^a. Consuelo Besada Lores dicindo que existe un informe da

secretaria que foi incorporado á XGL do día 28 de xaneiro e que se remitirá unha copia a todos.

Tamén se vai solicitar informe á Consellería de Traballo.

Cando se procede á selección ven unha lista de persoas remitidas polo INEM e o proceso de selección faino a Consellería, onde nos nin sequera puntuamos.

Quizás foi falta de ética por darse a circunstancia que estivera a irmán dun concelleiro presente no tribunal, pero esa persoa estaba previamente seleccionada nas listas do SPE.

O Sr. Piñero Murillo pregunta que delito cometeu esa persoa por asistir a un proceso de selección convocado polo INEM. O que quero dicir e isto non foi premeditado nin moito menos. Este proceso selectivo faise igual en todos os concellos, tanto do PP como doutras formacións. Non seu onde está a ilegalidade, non tiña nin idea que esta señora ía vir seleccionada e que eu non estiven presente nesa selección porque así o puxen de manifesto e o único que fixo esa persoa foi cumprir coa súa obriga de presentarse e paréceme patético a vosa postura de acudir aos medios de comunicación.

O Sr. Domínguez Lino di que a concelleira non contesta as preguntas que se lle formularon. A súa compañeira de goberno considerouno pouco ético. O 5 de xaneiro estaba no taboleiro de anuncios o nome da súa irma, por ética non tiñas porque estar alí e non temos nada en contra dela.

O Sr. Piñero Murillo di que no 3º listado do INEM foi enviado pola tarde e cando o vin fíxenllo chegar aos meus compañeiros.

O Sr. Domínguez Lino contesta que non ten nada en contra da túa irma solo en contra túa porque deberías de renunciar a estar no tribunal.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que en toda esta situación esperpéntica hai unha actitude demagóxica poñendo de manifesto unha situación que non se da.

Os tribunais compóñense de 3 persoas nomeadas pola Consellería e 3 polo Concello. Nomeanse tres por varios motivos: porque se entrevistan a máis de 200 persoas e habitualmente fanse tres tribunais para repartir aos candidatos, situacións deste tipo déronse noutras ocasións e non pasou nada porque a persoa entrevistada é entrevistada polo tribunal onde os seus membros non teñen relación ningunha con ela como pasou no caso este.

O nivel de influencia que pudo ter podería telo igualmente sen estar no tribunal.

O Sr. Domínguez Lino di que a parte de unha vez seleccionada, chámanos a atención que vaia á presentación no tribunal, sigo dicindo que estaba ese Sr., quedaron 30 persoas fora e entre os que quedaron estaba a súa irmán.

O Sr. Piñero Murillo di que había tres tribunais distintos, saen as listas e chámanse ás persoas. Neste caso, miña

irmán, cando a chamaron avisou que non iba no mesmo momento e no 1º minuto pero dixéronlle que tiña que ir o día da inauguración para comunicarlle á directora que ía renunciar.

O Sr. Alcalde di que este é un rogo que xa contestou a concelleira pero parece que estamos a fusilar ao reo antes de saber se está condenado eu deño dúbidas de que unha persoa seleccionada polo INEM non poida asistir a unha selección onde estaba o irmánn no tribunal.

O Sr. Agís Gómez di que o relato do que aconteceu coinciden co que relatou o concelleiro, debería de renunciar co que se farían dous grupos de selección en vez de tres, pero en realidade non participou no proceso que participaron foron as funcionarias da Consellería.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e dúas horas e cinco minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria xeral, dou fe.